CAPÍTULO IV

O señor Beebe estaba no certo. Lucy nunca coñecía os seus desexos tan claramente como despois da música. Ela non apreciara verdadeiramente o enxeño do clérigo, nin a suxestiva parola de Miss Alan. A conversa era tediosa; quería algo grande, e cría que viría ata ela na plataforma, azoutada polo vento, dun tranvía eléctrico. Pero isto ela non o podía procurar. Non era propio dunha dama. ¿Por qué? ¿Por qué as cousas máis grandes eran impropias dunha dama? Charlotte tíñalle unha vez explicado por qué. Non se trataba de que as mulleres foran inferiores ós homes: tratábase de que eran diferentes. A súa misión era máis inspirar a outros para acadar algo que acadalo elas mesmas. Indirectamente, por medio do tacto e dunha reputación impecable, unha dama podía acadar moitas cousas. Pero se ela se precipitaba na loita por si mesma, atoparíase primeiro censurada, despois despreciada, e por último ignorada. Se tiñan escrito poemas para ilustrar este punto.

Había moito de inmortal nesta dama medieval. Os dragóns se foron xa, como tamén os cabaleiros, pero ela todavía perdura entre nós. Reinou en moitos castelos da primeira época victoriana, e foi a raíña de moitas das súas cancións. É encantador protexela nos intervalos dos negocios, ou rendirlle honra cando nos cociña ou nos prepara a cea ben. Pero ¡ai!, a criatura dexenera. No seu corazón tamén abrollan extraños desexos. Ela tamén se namora dos fortes ventos, dos vastos panoramas, e das verdes extensións de mar. Ela celebrou tamén o reino deste mundo, cheo de riqueza, de beleza, de guerra, unha radiante corteza, construída ó redor dun fogo central, xirando hacia ceos
que se alonxan. Os homes, declarándose inspirados por ela, móvense alegremente pola súa superficie, tendo os máis deliciosos encontros con outros homes, felices non pola súa masculinidade, senon porque están vivos. Antes de que o espectáculo remate a ela lle gustaría renunciar ó augusto título de Muller Eterna, e participar nel coa súa transitoria identidade

Lucy non representa a muller medieval, que era máis ben un ideal ó que era azirrada a alzar os ollos nos momentos serios. Pero tampouco posuía ningún sistema de revolta. Aquí e acolá unha restricción que a amolaba particularmente, ela a trangrediría, e cicáis se sentiría apenada de telo feito. Esta mañán atopábase especialmente impaciente. Gustaríalle facer algo que os seus admiradores desaprobaran verdadeiramente. Como non podía ir no tren eléctrico, foi á tenda de Alinari.

Alí comprou unha reproducción do “Nacemento de Venus” de Boticelli. Venus, era unha bágoa, estragaba a pintura, doutro xeito encantadora, e Miss Bartlett a persuadiu de marchar sen ella. (Unha bágoa en arte ,por suposto ,significaba un desnudo). A Tempestade de Giorgione, o Idolino, algún dos frescos da capilla Sixtina e o Apoxyomenos, foron engadidos. Sentiuse entón un pouco máis tranquila, e mercou A coroación de Fra Angelico, A Ascensión de San Xoán de Giotto, algún dos putti de Della Robbia, e algunhas Madonnas de Guido Reni. Polo seu gusto era católica, e brindaba unha acrítica aprobacion a tódalas obras de nome ben coñecido.

Pero a pesar de ter gastado cerca de sete libras, as portas da liberdade semellaban aínda pechadas. Era consciente do seu descontento, e era novo para ela o ser consciente de el. “O mundo”, pensou, “está seguramente cheo de cousas fermosas, se somentes eu puidera cruzarme con elas”. Non era sorprendente que Mrs Honeychurch desaprobara a música, declarando que sempre deixaba a súa filla de mal humor, susceptible e sen sentido práctico.

“Nada me sucede”, reflexionaba ela, ó entrar na Piazza Signoria mirando con indiferencia as

súas marabillas, agora bastante familiares para ela. A gran praza estaba en sombras. O sol saíra demasiado tarde para alcanzala. Neptuno aparecía xa insubstancial no crepúsculo, mitade Deus, mitade pantasma, e a súa fonte entrelazaba ensoñadoramente os homes e sátiros que lacazaneaban xuntos na súa marxe. A Loggia mostrábase como a triple entrada dunha cova, na que múltiples deidades, sombrías, pero inmortais, esperaban as chegadas e saídas da humanidade. Era a hora da irrealidade, isto é, a hora en que as cousas non familiares son reais. Unha persoa máis vella a semellante hora e en semellante lugar cicáis pensase que había suficiente felicidade para ela, e ficase satisfeita. Lucy desexaba máis.

Fixou os ollos nostálxicamente na torre do pazo, que emerxía da escuridade como un pilar de áspero ouro . Non parecía xa unha torre, soportada pola terra, senon un intanxible tesouro latexando no ceo en calma. A súa luminosidade a hipnotizou, danzando aínda ante os seus ollos cando os dirixou ó chan e comezou o camiño a casa.

Entón sucedeu algo

Dous italianos estiveran rifando sobre unha débeda xunto a Loggia. "Cinque lire", berraran, "cinque lire!". Enleáronse e un deles foi golpeado levemente no peito. El frunciou o entrecello; inclinouse hacia Lucy cunha mirada de interese, como se tivera unha importante mensaxe para ela. Abriu os beizos para pronuncialo, e un chorro de vermello saiu de entre eles e escorregou pola súa meixela sen afeitar.

Iso foi todo. Unha multitude emerxeu do crepúsculo. Ela agochoulle este extraordinario home, e o arrastrou ata a fonte. Ocorreu que Mr George Emerson achábase uns poucos pasos máis aló, mirándoa a través do espacio onde estivera o home. Qué cousa tan extraña!A través de algo. Incluso cando ela percatouse da súa presenza él volveuse máis tenue: o pazo mesmo volveuse máis difuso, mecéndose sobre ela, descendendo sobre ela docemente, lentamente, silenciosamente, e o ceo descendeu con el

Ela pensou: "¿Ou, qué fixen?

"¿Ou, que fixen?", murmurou, e abriu os ollos.

George Emerson a contemplaba, pero xa non a través de nada. Ela queixárase de aburrimento, e ¡ou! Un home fora apuñalado, e outro a sostiña entre os seus brazos

Estaban sentados sobre uns chanzos nos soportais dos Uffizi. El debía tela transportado ata alí. Erguese cando ela falou, e comezou a sacudirse o po dos xeonllos. Ela repetiu:

"Ou, ¿que fixen?

"Desmaiaches

"Eu- eu estou moi apenada

"¿Cómo te atopas agora?

"Perfectamente ben- absolutamente ben" E comezou a asentir coa cabeza e a sorrir.

"Entón vaiamos a casa. Non hai razón para que nos deteñamos

El estendeu a súa man para axudala a erguerse. Ela pretendeu non vela. Os berros desde a fonte- nunca cesaran- resoaban valeiramente. O mundo enteiro semellaba pálido e privado do seu significado orixinal.

"¡Qué amable foi vostede conmigo!Podería terme feito dano ó caer. Pero agora estou ben. Podo volver soa, gracias

El tiña todavía a súa man extendida

"¡Ou, as miñas reproduccións!, exclamou ela de súpeto.

"¿Qué reproduccións?

"Merquei algunhas reproduccións en Alinari. Debo telas deixado tiradas na praza". Mirouno cautamente.¿Sería abusar da súa amabilidade pedirlle que as fora a buscar?

Non sería un abuso.

Tan pronto como el se voltou, Lucy levantouse coa rapidez dunha maníaca e escapuliuse baixo os soportais cara o Arno

"Señorita Honeychurch!"

Ela detívose cunha man no corazón.

"Permaneza sentada; non se atopa en condicións adecuadas para ir soa a casa

"Si, o estou, moitas gracias."

"Non, non o está. Iríase sen ocultarse se o estivera."

"Pero eu preferiría..."

"Entón non irei buscar as súas reproduccións"

"Eu preferiría estar soa"

El dixo imperativamente

"O home está morto. o home está probablemente morto; séntese ata que esté descansada". Estaba confusa, e o obedeceu. " E non se mova ata que eu regrese"

Na distancia ela vía criaturas con caperuzas negras, como aparecen en soños. A torre do pazo perdera o reflexo do declinante día, e uniuse á terra. ¿Como debía ela falar ó señor Emerson cando retornase da praza en sombras? De novo voltoulle o pensamento, ¡Ou, qué fixen?- o pensamento de que ela, igual que o home morto, había transpasado algunha fronteira espiritual.

El voveu, e ela falou do asasinato. Cousa bastante extraña, era un tema fácil. Ela falou do carácter italiano, e volveuse case charlatana ó comentar o incidente que a fixera desmaiar cinco minutos antes. Sendo forte físicamente, pronto superara o horror do sangue. Ergueuse sen axuda, e

inda que unhas alas parecían flotar dentro dela, camiñou con firmeza suficiente hacia o Arno. Alí un cochero lles fixo señas; eles o rexeitaron-

"E o asasino tentou besalo, di vostede!--o qué extraños son os italianos! e se entregou á policía! Mr Beebe estaba dicindo que os italianos o saben todo, , pero eu penso que son bastante infantís. Cando a miña prima e eu estabamos no Pitti onte---¿Qué foi iso?

El tirara algo no río

"¿Qué tirou no río?

"Cousas que non quería", dixo él , molesto

"Señor Emerson!"

"¿Si?"

"¿Onde están as miñas reproduccións?"

El non dixo nada.

"Eu creo que foron as miñas reproduccións o que tirou"

"Non sabía que facer con elas", berrou el, e a súa voz era a dun neno ansioso. O corazón de Lucy encheuse de afecto hacia el por primerira vez. "Estaban cubertas de sangue. Alí! Estou contento de dicircho: todo o tempo que estivemos conversando eu estaba a preguntarme qué facer con elas. El sinalou o río. "Elas se foron".O río arremuiñábase baixo da ponte. Me impresionaron tanto, e un é tan tonto, parecía mellor que elas se foran cara o mar- Non sei, cicáis quero dicir que elas me asustaron. Entón o neno converteuse en home. "Porque algo tremendo sucedeu; eu debo afrontalo sen confundirme. Non é exactamente que un home teña morto!

Algo advertiu a Lucy que ela debía detelo.

"Sucedeu", repetiu, "e eu quero descubrir que é"

"Señor Emerson..."

El volveuse hacia ela fruncindo o entrecello, como se o distraera dunha abstracta cuestión

"Quero pedirlle algo antes de que entremos"

Estaban preto da súa pensión. Ela detívose e apoiou os cóbados sobre o parapeto do dique. El a imitou. Hai ás veces unha maxia na identidade de posición; é unha das cousas que nos suxiren a camaradería eterna. Ela moveu os cóbados antes de dicir:

"Comporteime de forma ridícula"

El seguía os seus propios pensamentos.

"Nunca estiven tan avergoñada de min na miña vida: non podo pensar que me sucedeu!

"Eu estiven a piques de desmaiar", dixo el: pero ela sentiu que a el a súa actitude repelíalle

Ben, eu débolle mil desculpas

" Ou, todo está ben"

"E- este é o punto importante- eu sei como rexouba a xente tonta- as mulleres especialmente, e me temo..-¿vostede entende o que quero dicir?

"Me temo que non"

"Quero dicir que...¿vostede non fará mención delo a ninguén, do meu estúpido comportamento?"

"¿O seu comportamento? O, si, moi ben, moi ben

"Moitas gracias. E querería..."

Ela non puido levar máis lonxe a súa petición. O río precipitábase baixo eles, case negro na crecente noite. El tirara as súas reproduccións nel, e despois lle dixera a razón. Deuse conta que era inútil buscar cabalerosidade nun home semellante. El non a danaría con frívolas rexoubas; el era digno de confianza, intelixente, incluso amable; cicáis nunca tería unha alta opinión de ela. Pero el carecía de cabalerosidade, os seus pensamentos, como o seu comportamento, non sería modificados polo respeto. Era inútil deicirlle, "eu querería que vostede..." e esperar que el completara a frase por si mesmo, desviando os seus ollos da desnudez dela como o cabaleiro naquela fermosa pintura. Ela estivera nos seus brazos, e el o recordaba, como recordaba o sangue nos reproduccións que ela mercara na tenda de Alinari. Non era exactamente que un home tivera morto; algo ocorrera os que viven: chegaran a unha situación onde o caracter fala, e onde a infancia entra nos camiños ramificados da xuventude.

Ben, moitas gracias", repetiu ela, " Qué rapido suceden estos accidentes, e despois qué rapido se retorna á vida cotián!"

"Eu non"

A ansiedade levouna a preguntarlle.

A súa resposta confundiuna: "Eu probablemente quererei vivir"

"Pero por qué, señor Emerson? ¿Qué quere dicir?

"Digo que quererei vivir.

"Apoiando os seus cóbados no parapeto, ela contemplou o río Arno; o seu bramido suxería ós ouvidos de Lucy unha melodía inesperada."